



Galicia

Diario dixital da UGT de Galicia

GALICIA
LABORAL**LOITA**
polo **TEU****ÚNETE**

ISSN 1989-3299

Nº 755 Semana do 6 ao 12 de novembro de 2017

O SECRETARIO XERAL DE UGT E A SÚA EXECUTIVA PARTICIPARON EN GALICIA DURANTE DOUS DÍAS EN DIVERSOS ACTOS E ASEMBLEAS

PEPE ÁLVAREZ INSISTIU EN GALICIA EN QUE A PROBLEMÁTICA DOS LUMES FORESTAIS ESIXE DUN PACTO A NIVEL DE TODO O ESTADO E QUE A UE NON PODE SER ALLEA

Na asemblea de delegados celebrada o mércores Gómez e Álvarez fixeron fincapé en que os problemas das familias non poden agardar máis. Esixiron á patronal e Goberno recuperar o diálogo xa

Redacción.- Durante dous días o secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, acompañado da súa Comisión Executiva, visitaron Galicia e participaron en varios actos e asembleas.

O martes, o secretario xeral de UGT abriu a axenda participando nunha asemblea cos traballadores do servizo de extinción de lumes de Galicia, na que tamén interviron o secretario xeral de UGT-Galicia e os máximos responsables de FeSP-Galicia e de FeSP a nivel estatal.

A raíz da última vaga de lumes que asolagou Galicia hai unhas semanas, nesta xuntanza os axentes insistiron na necesidade de mellorar as súas condicións laborais e que a Xunta asuma que o plan vixente na actualidade está caduco, polo que hai que actualizalo, sobre todo, tendo en conta que non se pode ter operativo o groso dos efectivos só tres meses ao ano. Acusaron a falta de organización e coordinación por parte da Xunta que no mes de setembro, nunha situación climática de extrema gravidade, decidiu cesar a unha parte importante dos efectivos.

Pola súa banda, José Antonio Gómez, o secretario xeral de UGT-Galicia, insistiu en que o presidente da Xunta ten que asumir xa que urxe abrir unha mesa de negociación cos traballadores dos operativos para falar da falta de coordinación, falta de efectivos e precariedade laboral.

O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, asumiu que hai que facer propostas e fuxir dunha vez por todas dos tópicos que saen cando hai unha vaga de lumes como a que asolagou Galicia.

Primeiro, hai que poñer por diante o cambio climático que, de seguro, está a influír nestas catástrofes. No eido das relacións laborais, aposta por ir cara unha profesionalización do sector e estabilización do emprego sempre no ámbito do público e de xeito permanente en



todo o Estado. Concretamente, en Galicia pediulle ao presidente da Xunta que abra xa a mesa de negociación cos axentes forestais que son eles quen mellor coñecen a problemática e como abordala.

Xa no eido estatal, ten que darse un debate que conduza a un acordo respaldado lexislativamente. Puxo enriba da mesa a posibilidade de abrir unha subcomisión no Senado que avalíe cales son os riscos e cales son as necesidades. Seguir falando de pirómanos e abandono do rural non pode seguir sendo unha escusa.

Ademais, UGT anuncia que vai abrir unha vía de diálogo cos sindicatos portugueses para levar ao Parlamento da UE o problema porque esta institución non pode ser allea a estes fenómenos. O lume non ten fronteiras, afirmou.

E, finalmente, considerou que con máis de tres millóns de parados en España debería

abordarse a necesidade de implementar un plan de emprego para a limpeza do bosque. De seguro, este investimento por parte do Estado tería os seus retornos por varias vías, a nivel de emprego, IRPF, ingresos na Seguridade Social e, sobre todo, mellora das condicións dos nosos bosques e poñerlle así freo ás vagas de lumes que se repiten con demasiada frecuencia. Tamén subliñou que debería lexislarse para que os montes que están en mans privadas cumpran un mínimo de requisitos e coidados.

Álvarez insistiu moito en que todo isto hai que facelo xa e non se pode agardar a que unha nova vaga de lumes asolague Galicia ou outra rexión.

Esa tarde, os secretarios xerais de UGT e UGT-Galicia, acompañados dunha delegación do Sindicato, achegáronse a Chandebrito (Nigrán) un dos focos e punto cero da última vaga de lumes. Alí estiveron co alcalde de Nigrán e conversaron con varios veciños e aso-

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ciacións para coñecer de primeira man como foron os feitos eses días, como viviron a catástrofe e recoller as súas iniquedanzas.

O mércores, pola mañá, tivo lugar en Santiago, no edificio Cersia, unha asemblea de delegados procedentes de toda Galicia.

Neste acto, ao que asistiron centos de delegados e delegadas de UGT, procedentes de toda Galicia, debatiuse sobre as cuestións de actualidade e sobre os retos e propostas que ten UGT para chegar ás persoas e resolver os problemas das familias que aínda están a sufrir as consecuencias da crise.

Precisamente, neste senso, incidiu o secretario xeral de UGT-Galicia, José Antonio Gómez, na súa intervención, na necesidade de estar coa xente e atender as súas inquedanzas porque hai outros temas e problemas que ten este país, ademais da problemática de Cataluña que parece desdubuxar o día a día das familias e as súas dificultades. Porque a UGT lle importan os problemas da xente.

Gómez lembrou que o día 8 comezou a campaña contra a brecha salarial entre homes e mulleres porque resulta rexeitable que as mulleres españolas teñan que traballar 54 días máis que os homes para cobrar o mesmo pero é que as galegas teñen que traballar 66 días máis.

Unha vez máis criticou que dende o Goberno se nos siga dicindo que a economía vai ben pero que as familias non perciben esta recuperación. Demandou que dunha vez por todas os traballadores sexan cómplices e beneficiarios da recuperación, non só as entidades bancarias e as empresas.

Neste camiño de achegarse, estar coa xente, non se pode esquecer aos máis mozos que soportan elevadísimas taxas de paro, máis do 40 por cento están nesta situación, e máis e máis precariedade que lles impide afrontar un proxecto vital ou que os obriga en moitas ocasión a emigrar na busca dun futuro mellor. UGT-Galicia pídelles á Xunta diálogo para rematar con esta situación e o que obtén son uns Orzamentos cada vez máis mermados en políticas activas de emprego, xa que dende que comezou a crise reducíronse os investimentos nesta materia nun 36 por cento. É evidente que a Xunta está a ser pouco sensible cos problemas da xente.

Pediulle aos afiliados que traballen como un exército, como sempre fixo UGT, para manterse en Galicia como primeira forza sindical.

Pola súa banda, o secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, tamén denunciou que neste país lévase moito tempo sen falar dos temas que realmente lle preocupan á xente. Insistiu en que a "nosa patria son os traballadores e os seus dereitos e que só o diálogo e a negociación pode sacarnos da situación actual".



Por exemplo, no relativo aos lumes forestais hai que apostar polo diálogo na busca de solucións e alternativas. Neste senso, UGT está a traballar para facer unha gran xornada en Galicia de loita contra o cambio climático e contra os lumes á que se invitará aos sindicatos portugueses co fin de internacionalizar o problema e que o Parlamento europeo se implique.



Álvarez demandou reténs permanentes e que os recortes non sigan afectando aos servizos esenciais.

Ademais, proporase a constitución dunha subcomisión no Senado co fin de que o problema teña unha visión a nivel de todo o Estado con solucións desta dimensión.

Noutra orde de cousas, demandou unha comisión parlamentaria para acadar un compromiso co futuro da industria. Porque sen industria de calidade e moderna non hai país. A política industrial debe ser un eixe fundamental da política con maiúsculas do país. Só co empuxe dos servizos non se sairá da crise.

Neste eido, urxe un gran acordo de estado pola enerxía, no que se aposte polas renovables pero non se poden abandonar as tradicionais porque tamén son necesarias.

Por que buscamos grandes pactos?. Porque UGT considera que só implicándonos todos sairemos desta situación. Ou somos capaces de implicar a todos nos temas fundamentais ou será moi difícil medrar.

En materia de políticas de emprego hai que traballar a fondo. A estacionalidade e precariedade seguen a tinguir o mercado laboral do país. UGT aposta por outro modelo de emprego. Hai que acometer o cambio de modelo produtivo que precisa o país, un novo proxecto en materia de financiamento, máis investimento e que o Estado e comunidades autónomas adiquen máis recursos.

Mentres non chegue, hai que poñer en marcha plans de emprego sectorializados. Por exemplo, UGT pon un enriba da mesa ao fío da problemática dos incendios. Un plan de ocupación na limpeza dos bosques, que dará traballo a moitas persoas que se atopan a día

de hoxe en situación de desemprego.

Tamén urxe un plan de emprego para os máis mozos, os grandes prexudicados desta crise e unha das grandes prioridades do Sindicato.

En materia de negociación colectiva, o Sindicato aposta por recuperar o AENC pero non a calquera prezo. Hai que empezar a repartir riqueza, o contrario augura conflictividade. UGT ponse como obxectivo non negociar ningún convenio por debaixo dos 1.000 euros.

En materia de igualdade, incide na necesidade de traballar os plans de igualdade e implementalos a fondo.

A renda mínima garantida, á vista da situación actual na que moitas familias xa non teñen recursos, hai que poñela en marcha xa. O país ten riqueza e hai que repartila, recaudar máis impostos...

No relativo ás pensións, o seu futuro pasa por derrogar a reforma do PP; acabar coas desgravacións á contratación; destapar as cotizacións e que os custes de funcionamento da Seguridade Social sexan asumidos vía orzamentos.

Finalmente, lembrou aos delegados que UGT vai cumprir 130 anos e hai que sentirse orgullosos da súa historia. Son 130 anos de loita polos dereitos dos traballadores, contribuíndo dende entón á transformación da sociedade.

Pecharon a asemblea os secretarios xerais de FeSP e FeSMC a nivel estatal que insistiron nas mensaxes dadas por Pepe Álvarez e tamén incidiron en que se o Goberno non cambia o rumbo as mobilizacións intensifícanse.

VIGO ACOLLEU OS DÍAS 9 E 10 O XXII ENCONTRO SINDICAL DA MULLER

Redacción.- UGT e CCOO, en colaboración co Concello de Vigo, organizaron os días 9 e 10 o XXII Encontro sindical da muller para debater sobre “A igualdade de xénero”.

As dúas xornadas desenvolvéronse no Hotel Coia e nelas ambos sindicatos lembraron que, pasados dez anos desde a promulgación das leis de Igualdade estatal e galega, hai que reflexionar sobre os avances que supuxeron, sobre a súa incidencia real, e sobre os aspectos que a día de hoxe sería necesario reformular en relación co contexto actual de políticas de recortes e de reformas laborais.

Ademais, nas xornadas contou coa experiencia de traballadoras en oficios relacio-

nados co mar e en postos e sectores masculinizados que permitiron ter coñecemento da evolución da situación ao longo dos anos, das desigualdades existentes, da necesidade do empoderamento feminino, ... para rematar salientando a importancia de educar en valores, de educar en igualdade, como alicerce fundamental de toda sociedade.

Así, nas xornadas participaron as secretarías de Igualdade, Xuventude e Movements Sociais de UGT-Galicia e UGT-Vigo; a responsable do Departamento da Muller de UGT confederal; a responsable



de Ensino Público da FeSP-Galicia; e varias mulleres en representación de diversos sectores para achegar a súa experiencia, do mundo da conserva, mar, madeira ou do sector químico.

UGT ORGANIZA A VINDEIRA SEMANA EN PONTEVEDRA UNHA XORNADA SOBRE “A IGUALDADE NO MERCADO DE TRABALLO. UN DEREITO. UN DEBER”

Redacción.- “A igualdade no mercado de traballo. Un dereito. Un deber” será obxecto de análise e debate nunha xornada organizada por UGT-Pontevedra-Arousa-Deza, en colaboración coa Deputación de Pontevedra, o día 14 de novembro, no Pazo da Cultura (Rúa Alexandre Bóveda, Pontevedra).

Nesta xornada se analizará a lexislación existente, os dereitos e obrigas da representación legal das traballadoras e traballadores, así como a realidade dos convenios colectivos con perspectiva de xénero en Galicia, como ferramentas fundamentais para avanzar na consecución da igualdade real entre mulleres e homes no mercado de traballo.

O Sindicato fai fincapé en que a igualdade no traballo é un dereito ao que non se

pode renunciar, e con este motivo se levarán a cabo estas xornadas, que darán comezo ás 9.45 horas co acto de apertura ao que lle seguirá a intervención da técnica do Departamento Confederal da Muller de UGT María Amor Vázquez que analizará a situación do principio de igualdade na negociación colectiva. Xa ás 11.15 horas a exposición centrarase nos mecanismos de protección e o papel da representación legal das traballadoras e traballadores.

Ás 12.30 horas a secretaria de Igualdade, Xuventude e Movements Sociais de UGT-Galicia, Mónica Rodríguez, retomará a palabra para levar a cabo un obradoiro no que se analizarán os convenios colectivos das persoas participantes nas xornadas tendo en conta a perspectiva de xénero, así como a situación da negociación colectiva neste ámbito en Galicia.

A Luís Tilve organiza un foro de debate o martes en Ourense para abordar a temática dos lumes forestais

Redacción.- A Fundación Luís Tilve organiza o vindeiro martes, día 14, en Ourense un foro de debate sobre a problemática dos lumes forestais en Galicia.

Neste foro intervirán Jacobo Feijoo (responsable de Desenvolvemento Rural de UU.AA.); Elías Blanco Navia (delegado de persoal de FeSP-UGT no Servizo de Prevención e Defensa contra incendios); José Antonio Quiroga Díaz (voceiro de Agricultura do Grupo Parlamentario Socialista e secretario de Organización do PSdeG); e Manuel Marey (profesor de Producción Vexetal e Enxeñaría da USC).

UGT GAÑA AS ELECCIÓNS EN PÉREZ RUMBAO (VEPERSA E VILAGARCÍA)

Redacción.- UGT-FICA ven de gañar as eleccións sindicais en Vehículos Pérez Rumbao, nos centros de traballo de Vepersa-Pontevedra e Vilagarcía.

Así, UGT conseguiu os tres delegados que se elixían nestas eleccións.

No proceso anterior foi a CIG a que conseguiu os tres delegados, polo que UGT-FICA saúda o resultado obtido e agradece a confianza depositada polos traballadores no proxecto presentado por UGT para afrontar o vindeiro mandato.



AS MULLERES EN ESPAÑA EMPEZAN A TRABALLAR GRATIS

UGT esixe a posta en marcha dunha Lei de igualdade salarial porque, segundo datos de Eurostat, a brecha permanece invariable no 14,9%

Esta discriminación afecta a máis de 8,5 millóns de mulleres e a máis de 2 millóns de xubiladas

Desde o 8 de novembro e ata o 31 de decembro, UGT desenvolverá a campaña #YoTrabajoGratis

Máis de 8,5 millóns de mulleres traballadoras deste país, desde o 8 de novembro e ata o 31 de decembro, traballan gratis (estes son os días que corresponden á porcentaxe de diferenza salarial entre homes e mulleres en España). A brecha salarial, en salario hora, permanece invariable nun 14,9%, a pesar de que no conxunto da Unión Europea diminuíu, segundo os últimos datos publicados por Eurostat. A brecha salarial en España é o triplo que en países como Italia, Luxemburgo ou Romanía.

Esta discriminación afecta as mulleres que traballan hoxe e ao longo da súa carreira laboral, e ás traballadoras nun futuro. Pero tamén ás que xa se xubiláron, máis de 2 millóns están a sufrir as consecuencias desta inxustiza social.

UGT esixe unha Lei de igualdade salarial que acabe coas diferenzas de soldo entre mulleres e homes e, neste sentido, esixe que se poña en marcha o requirimento do Parlamento que, en febreiro deste ano, instou ao Goberno a desenvolver esta norma.

UGT, por segundo ano consecutivo, desenvolverá desde o día 8 a campaña "EU TRABAJO GRATIS" co fin de concienciar en primeiro lugar a todos os traballadores e traballadoras, sobre esta discriminación por razón de sexo, que repercute de forma moi grave sobre os soldos das mulleres, que se acentuará na xubilación, e que vai provocar que unha elevada porcentaxe de mulleres que tiveron un emprego ao longo de toda a súa vida sitúense por baixo dos limiares de pobreza (as discriminacións salariais acrecéntanse ata o 41,90% en relación aos homes que acceden a unha pensión de xubilación).

A Unión Xeral de Traballadores realiza un chamamento ao Goberno para que active todos os mecanismos posibles e facer cumprir os artigos 14 e 9 da Constitución Española, xa que do seu cumprimento derivase a igualdade salarial entre mulleres e homes. O sindicato tamén demanda o cum-



primento coas Recomendacións da Comisión Europea nesta materia, en concreto na introdución na nosa lexislación da definición de "traballo de igual valor".

A Unión Xeral de Traballadores reclama tamén o compromiso dos partidos políticos para que se sumen a esta reclamación histórica de UGT, que loita para eliminar as diferenzas salariais, entre mulleres e homes e que intensificou no últimos dez anos ante a inexistencia de políticas de igualdade que impiden que se avance na eliminación desta discriminación.

A denuncia de UGT vai acompañada de propostas concretas para a negociación colectiva e os plans de igualdade, así como de ferramentas que permiten eliminar -ou canto menos reducir- a brecha salarial entre mulleres e homes.

EN 10 PAÍSES DA UE O SALARIO MÍNIMO É IGUAL OU INFERIOR AO SALARIO MEDIO NACIONAL

Redacción.- Os salarios medios caeron un 0,8% en 2016 respecto ao ano anterior, a pesar de que a actividade creceu un 3,2% e os excedentes empresariais un 4,9%

A Confederación Europea de Sindicatos (CES) denuncia que os salarios mínimos dalgúns países europeos están por baixo do limiar de salarios baixos, establecido pola OCDE en 2/3 do salario medio nacional, polo que moitos traballadores teñen dificultades para manter unhas condicións de vida dignas.

Nesta situación están Bélxica, Reino Unido, Grecia, Eslovaquia, Alemaña, Países Baixos, Irlanda, Estonia, República Checa e España.

Segundo os datos publicados pola CES, o salario mínimo en España tería que subir un 62% para alcanzar un nivel por baixo do limiar dos salarios baixos, o de Alemaña un 28%, e o de Reino Unido un 22%.

Na mesma dirección apuntan os datos da

Enquisa de Poboación Activa sobre salarios no emprego principal, cuxos resultados para 2016 publicou o INE, ao poñer de manifesto que, a pesar de que o PIB en España crece de maneira importante desde 2014, que as empresas xa recuperaron con fartura os niveis de beneficio que tiñan antes da gran crise de 2008-2013, e que as expectativas son boas, os salarios con todo non deixan de caer, deprimindo a calidade de vida da inmensa maioría da poboación, a clase traballadora.

Segundo esta enquisa, os salarios medios caeron en 2016 un 0,8% respecto dos existentes un ano antes, a pesar de que a actividade creceu un 3,2% e os excedentes empresariais fixérono un 4,9%. O salario medio bruto (supoñendo 12 pagas) é de 1.878,1 euros ao mes. Pero se se descontan as cotizacións á Seguridade Social e as retencións do IRPF, e supoñense 14 pagas (o máis habitual nun salario anual), o soldo neto medio é duns 1.300 euros. Aínda sendo baixo, o dato é algo enganoso; porque se se realizan os cálculos para os diferentes niveis salariais obtense que

practicamente a metade dos asalariados e asalariadas cobran soldos netos (unha vez descontadas as cotizacións á Seguridade Social e as retencións do IRPF) inferiores a 1.000 euros. Media España é, pois, mileurista. E os máis desfavorecidos son as mulleres e os mozos.

UGT trasladará á negociación colectiva e ao diálogo social coas organizacións empresariais a necesidade de que os salarios crezan de maneira nítida en 2018 para que recuperen poder adquisitivo, así como a urxencia de establecer salarios mínimos en todos os convenios de polo menos 1.000 euros.

A CES, pola súa banda, considera que o aumento dos salarios mínimos ao 60% do salario medio ou mediano de cada país reduciría en gran medida a pobreza no traballo e impulsaría o crecemento económico, polo que presionará para que se inclúa este obxectivo como parte dun plan de acción que axude a implementar o Alicerce Europeo de Dereitos Sociais.

UGT e CCOO ACORDAN MEDIDAS PARA RECUPERAR A AXENDA SOCIAL E LABORAL

Delegacións das comisións executivas confederais de UGT e CCOO, encabezadas por Pepe Álvarez e Unai Sordo, reuníronse esta semana para impulsar a axenda laboral e social e analizar, fundamentalmente, a situación do diálogo social e a negociación colectiva



Redacción.- UGT e CCOO puxeron de manifesto que a actualidade vén caracterizada centrar o foco da atención política, mediática e cidadá no desenvolvemento e xestión do conflito co independentismo en Cataluña, feito que é comprensible pola gravidade da situación, pero que se relegou a un segundo plano o non menos graves problemas económicos, sociais e laborais que afectan ao país.

De feito, os datos de paro coñecidos o pasado día tres de novembro poñen de manifesto o modelo de saída da crise que se está seguindo como continuación das medidas aplicadas nos períodos de recesión, que en esencia consistiron en favorecer unha inxente transferencia de rendas do traballo a rendas do capital pola dobre vía de devaluar salarios e dereitos laborais e de debilitar as redes de protección e os servizos públicos.

Os datos da contratación poñen de manifesto unha progresiva transformación do noso mercado de traballo caracterizada por unha acelerada substitución de emprego fixo e a tempo completo por emprego temporal e a tempo parcial que vén acompañado de baixos salarios. Créase emprego pero este é de ínfima calidade e con retribucións que dificilmente permiten aos seus perceptores chegar a final de mes e que limitan a súa capacidade de consumo co cal o crecemento económico que experimenta o noso país pode verse lastrado, a pouco que "os ventos de cola" que o viñeron alimentando (prezo do cru, paridade euro/dólar e política expansiva do Banco Central Europeo) cambien de dirección. Esta modalidade de emprego con baixos salarios afecta moi negativamente aos ingresos á Seguridade Social que vén necesitada dunha forte inxección de recursos se queremos garantir a súa viabilidade presente e futura e unhas pensións que permitan unha xubilación digna.

Entre tanto, unha das consecuencias

da presente situación é unha parálise da acción política que se expresa, entre outras cousas, en non poder abordar os Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018 coas consecuentes consecuencias en materia de investimento e no emprego e salarios na función pública.

Nestas condicións as delegacións das Comisións Executivas de UGT e CCOO, tras compartir o diagnóstico da situación, acordaron:

1.- Concertar unha estratexia común a trasladar aos diferentes ámbitos de negociación ao redor dos seguintes eixos reivindicativos:

Defensa do poder adquisitivo dos salarios

Creación de emprego de calidade e con dereitos

Rearmar as redes de protección e fortalecer os servizos

Mellorar os ingresos á Seguridade Social e o poder adquisitivo das pensións

2.- Instar ás organizacións patronais a abordar un novo Acordo de Negociación Colectiva que para ambos os sindicatos debería contemplar os seguintes aspectos:

Crecemento dos salarios para os anos 2018, 19 e 20

Cláusula de revisión salarial

Emprego

Igualdade e non discriminación

Prevención de riscos e saúde laboral

Formación dos traballadores e traballadoras

3.- Emprazar ao Goberno para iniciar unha nova etapa do diálogo social tripartito na que abordar as materias seguintes:

Modalidades de contratación

Salario Mínimo Interprofesional

Seguridade Social e pensións

Protección por desemprego

4.- Apoiar as iniciativas impulsadas polas nosas respectivas organizacións de empregadas e empregados públicos en aras a recuperar dereitos, o emprego e os salarios na función pública.

5.- Estudar posibles accións reivindicativas no caso de que as nosas chamadas á negociación non teñan unha resposta favorable.

A mobilización pode axudar a desatascar as negociacións e chegar a acordos

O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, afirmou, durante a rolda de prensa posterior á reunión, que "analizamos a posibilidade de que a mobilización forme parte dos elementos que nos axuden a desencallar e chegar a acordos positivos nas materias que temos abertas".

"Non hai ningunha escusa para non constituír a mesa de negociación para o novo AENC, non hai escusa para que non se desenvolvan os 3 meses acordadas co Ministerio de Emprego e Seguridade Social e para non poder abordar os temas de repartición da riqueza que se xera no noso país", considerou.

Por iso, sinalou que, "na medida en que non se desatase a situación actual e se inicie un proceso tanto con CEOE como co Goberno, iremos situando elementos de presión que nos axuden a dar saída aos problemas da poboación deste país".

UGT PARTICIPA NA CAMPAÑA PARA IMPULSAR UN ALICERCE SOCIAL EUROPEO

Redacción.- O 17 de novembro proclamárase o Alicerce Europeo de Dereitos Sociais no Cume Social de Gotemburgo.

Aínda que os dereitos contidos no Alicerce Social non son de aplicación directa nin vinculantes para os Estados membros, esta iniciativa da Comisión Europea podería representar un primeiro paso cara a unha consolidación dos dereitos sociais para todos os traballadores e traballadoras

na Unión Europea.

Para a Confederación Europea de Sindicatos (CES) e para UGT e CCOO, que participan activamente en España na campaña de difusión e apoio, a efectividade do Pilar Social dependerá de que se cumpran as 10 medidas que se irán publicando na nosa web desde hoxe e ata o día 16 de novembro.



UGT ALERTA DOS RISCOS DO GAS RADÓN PARA A SAÚDE DOS TRABALLADORES E TRABALLADORAS

Redacción.- Con motivo do 7 de novembro, Día Europeo do Radón, a Unión Xeral de Traballadores chama a sensibilizar tanto aos poderes públicos como aos cidadáns do problema de saúde pública que supón a inhalación deste gas radioactivo de orixe natural, catalogado como canceríxeno pola Axencia Internacional para a Investigación do Cancro (IARC).

O Radón é un gas nobre, incoloro, inodoro e insípido que se concentra fundamentalmente en zonas de alto contido granítico, sobre todo no subsolo desde onde emana cara aos edificios polas gretas e fisuras. A exposición principalmente prodúcese nos fogares, pero tamén nos centros de traballo.

Segundo a Organización Mundial da Saúde (OMS), a segunda causa de cancro de pulmón detrás do consumo de tabaco é o Radón. Estímase que en España cada ano son atribuíbles máis 1.500 mortes á exposición deste gas, segundo o proxecto UE RADPARD.

A Unión Europea recoñeceu que a exposición constante ao radón supón un risco para a saúde e tras anos de alertas obrigará

aos gobernos, entre eles o español, a tomar medidas respecto diso. O próximo 6 de febreiro de 2018 finalizará o prazo para traspoñer a Directiva 2013/59/EURATOM. A Secretaría de Estado de Enerxía iniciou recentemente os trámites para a súa trasposición, polo que é previsible que España esgote o devandito prazo.

Neste sentido, UGT considera imprescindible traspoñer a mencionada Directiva á lexislación española, que sería desexable que se realizase antes do prazo marcado, co fin de adecuar os niveis máximos indicados para o medio laboral e aprobar un Plan Nacional de Radón que estableza, entre outras cousas, a medición deste gas nos postos de traballo, para o efecto de avaliar a exposición e poder adoptar as medidas preventivas necesarias.

Ademais, para UGT resulta fundamental levar a cabo, na contorna laboral, un labor de información sobre os riscos que leva a exposición, así como formación adecuada dos traballadores e traballadoras, co fin de que axuden a identificar o risco e eliminar os seus efectos. Do mesmo xeito, débese facer unha campaña de sensibilización nas empresas. Os empresarios deben coñecer os

seus efectos para adoptar cantas medidas sexan necesarias para garantir a saúde dos traballadores e traballadoras ao seu cargo.

O artigo 62 do Real decreto 783/2001, do 6 de xullo, obriga ás empresas que realizan actividades con exposición a este gas á súa inscrición no Rexistro de actividades con exposición á radiación natural. A data de febreiro deste ano, últimos datos de que dispoñemos, só existían 52 empresas inscritas. Esta subdeclaración permite eludir a acción inspectora da Administración desprotexendo aos traballadores fronte a este risco. Outras das carencias detectadas é que nas empresas na que existe exposición a este gas non se realizou a medición.

Por iso, a Unión Xeral de Traballadores promoverá a creación dun grupo de traballo no seo da Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo cuxa finalidade sexa o estudo dos riscos para a saúde dos traballadores que ten a exposición a este gas, a implementación das medidas preventivas necesarias para preservar a súa seguridade e saúde, así como o seguimento do cumprimento das obrigacións que contempla a Directiva 2013/59/EURATOM.

O MARCO LABORAL E XURÍDICO DÉBESE ADAPTAR Á REVOLUCIÓN DIXITAL

Redacción.- O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, afirmou que "o mundo xurídico e laboral tense que adaptar á revolución dixital. O proceso de dixitalización vai xerar un replantexamento xeral das relacións laborais. Haberá novos dereitos e a lexislación tense que adaptar a esta realidade".

Pepe Álvarez realizou estas declaracións durante a inauguración das Xornadas de Dereito Laboral "O tempo de traballo", organizadas por UGT e o Consello Xeral do

Poder Xudicial (CGPJ), onde sinalou que "nesta revolución dixital están a xerarse situacións de tensións que hai que solucionar desde o marco xurídico, no sentido do cumprimento da xornada efectiva de traballo ou da falta de formación nas novas tecnoloxías, ao que hai que dar resposta de maneira inmediata".

Ademais, Pepe Álvarez considerou que "as novas tecnoloxías deben controlar tamén o sistema fiscal. Son necesarios novos im-

postos que manteñan o noso Estado de Benestar e o noso sistema público de pensións".

Neste sentido, manifestou que "desde UGT xa fixemos achegas ao Goberno nesta materia porque cremos que a dixitalización vai entrar no traballo con forza. Vai xerar unha perda indefinida de postos de traballo. Para asegurar os dereitos da sociedade, hai que actuar sobre a xornada de traballo e sobre a formación, e ser así competentes a nivel económico e laboral".